

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA, POR SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UNHA PRAZA DE OPERARIO (9038), GRUPO V, INCLUÍDA NA OEP 2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, PUBLICADA NO BOP DE A CORUÑA DE 22 DE FEBREIRO DE 2023.

PERSOAS ASISTENTES:

Presidencia: D. Luís Fole Barreiro

Secretaría: D. Fernando Adolfo de Abel Vilela

Vogais: D. Ramón Verea Castelo, D. Jesús Rúa Taboada, Dna. María José Lage Vázquez. D. Luís González Guerra.

Sendo as 12,00 horas do día 29 de xullo de 2024, reúñese presencialmente o Tribunal na Casa do Concello de Arzúa, a fin de proceder a executar a fase de oposición do proceso selectivo referido consonte ao disposto na base 11.2 das que o rexen, que dispón o que segue:

A oposición consistirá en responder por escrito un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con catro respuestas alternativas, sendo só unha delas a correcta. Haberá que responder 6 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunas das 20 preguntas do cuestionario tipo test. A duración do exercicio será de 30 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 60 puntos.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórganse 3 puntos.**
- As respostas erróneas ou en branco non penalizan. Esta proba non terá carácter eliminatorio.**

A non presentación dun aspirante no momento de realización do exercicio determinará o decaemento do dereito a participar en dita proba, salvo en casos xustificados e debidamente acreditados apreciados libremente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade, pasaporte ou outro documento fidedigno que a xuízo do Tribunal acredite a súa identidade.

A data de realización publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa con tres días hábiles de antelación ao seu inicio.

O tribunal adoptará as medidas precisas para garantir que o exercicio sexa corridos sen que se coñeza a identidade das persoas

aspirantes, utilizando para elo modelos impresos para exame nos que non poderá constar ningún dato nin identificación do aspirante na parte da folla normalizada de exame que deba de ser corrixida polo tribunal. O tribunal excluirá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos mesmos.

Realizado o exercicio de oposición sen incidencias e adoptando as debidas garantías para a anonimización do mesmo, a puntuación que a cada un dos aspirantes que concorreron ao mesmo se lle outorga, en aplicación da base exposta, é a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
Javier Valiño López	***2741 **	51
Francisco Javier Torres Porto	***4226 **	57

Consonte ao disposto na base 11.2 das que regulan o presente proceso selectivo, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir da realización do exercicio para presentar reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio. Así mesmo disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir da publicación das puntuacións correspondentes para presentar reclamacións a ditas puntuacións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 12,50 horas da data sinalada no principio da presente acta.